



Concello de Castroverde

INFORMACIÓN

CAMPUS DE NADAL 25/26

OBXECTIVO: O CAMPUS DE NADAL é unha medida de apoio á conciliación das familias de Castroverde e á súa contorna, axudando a que no tempo de vacacións escolares os nenos/as estean acompañados nun entorno seguro e compartindo tempo e actividades con outros nenos e nenas. Para iso, aproveitando as datas e as tradicións vinculadas ás mesmas, ofertamos actividades de manualidades, lecer e creatividade comprendendo as seguintes: adornos de Nadal, xogos tradicionais, postais de Nadal, contacontos, carta ós Reis Magos, panxoliñas, xincanas, baile, música e moito máis...

VAI DIRIXIDO ÁS SEGUINTE PERSOAS: aos nenos e nenas comprendidos entre os 3 e os 12 anos tendo preferencia sempre os empadroados xa que existe un límite de prazas.

DÍAS, HORARIO E LUGAR: Realizarase os días 22,23,24,26,29,30 e 31 de decembro e o 2 de xaneiro en horario de 10:30 a 13:30 horas no concello vello.

O CUSTE POR CADA NENO/A PARTICIPANTE SERÁ O SEGUINTE: 12€ por cada neno/a empadroado/a e 20 € por cada neno/a non empadroado. No caso de familias numerosas os custos serán os seguintes:

- Polo primeiro fillo/a pagaríase o 100% do custo da actividade
- Polo segundo fillo/a pagaríase o 50 % do custo da actividade
- Polo terceiro fillo en diante sería gratuíta a actividade

(Para poder aplicar a bonificación de familia numerosa deberase aportar fotocopia do libro de familia ou calquera outro documento que así o acredite)

Unha vez aceptados na actividade deberán facer o ingreso debido na seguinte conta do concello:

ES46-2080-0112-7031-1000-0042

debendo entregar o xustificante de pago nas oficinas municipais antes do comezo da actividade.

Deberá especificarse no concepto do ingreso o seguinte: **Nome e apelidos do neno/a - Campus de Nadal 25/26**

INSCRICIÓNS: Realizaranse segundo o modelo adaptado para esta actividade debendo presentalo nas oficinas municipais **como data límite o 18 de decembro**, no caso de quedar prazas libres poderán aínda aceptarse solicitudes despois deste prazo.